



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D. José Manuel Deán Pouso.

D^a. Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **13:10 horas** do día **27 de xullo de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

- 1.1.- Licenza de obra. Expediente 257/206.
- 1.2.- Licenza de obra. Expediente 265/2016.
- 1.3.- Licenza de obra. Expediente 5/2017.
- 1.4.- Licenza de primeira ocupación Expediente 7/º2017.
- 1.5.- Comunicacions previas.
- 1.6.- Rectificación de acordos. Expediente 82/2016.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

- 3.1.- Arquivo de procedemento de reposición da legalidade urbanística.


4.- CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA.

- 4.1.- Devolución de garantías definitivas.
- 4.2.- Devolución de garantías definitivas.

5.- PATRIMONIO MUNICIPAL.

- 5.1.- Inicio de expediente para a recuperación da posesión dunha vía pública.
- 5.2.- Inicio de expediente para a recuperación da posesión dun espazo público.

6.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.



10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: *“dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

1.1) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 257/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D^a. V** solicitou en data 18/11/2016 (r.e. 7568) licenza municipal para **“legalización dunha vivenda unifamiliar illada”** situada no lugar de Freixedo, s/n Goiáns, coa referencia catastral 4338610NH0343N0001IT, segundo o proxecto de legalización redactado polo arquitecto D. José María Ucha- Dolz del Castellar de data xuño de 2016 (visado COAG 1603756,1 de data 23/06/2016).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **257/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 10/07/2017 e o informe de Secretaría de data 21/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. V** licenza municipal para **“legalización dunha vivenda unifamiliar illada”** situada no lugar de Freixedo, s/n Goiáns, coa referencia catastral 4338610NH0343N0001IT, segundo o proxecto de legalización redactado polo arquitecto D. José María Ucha- Dolz del Castellar de data xuño de 2016 (visado COAG 1603756,1 de data 23/06/2016), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo urbano consolidado. Ordenanza 4 – Edificación residencial extensiva. Grao 2.



- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 7,00 m (altura); 231,33 m (edificabilidade); 131,00 m² (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
53.486,26 euros	2%	1.069,73 euros	Taxa pagada	133,72 €	1.069,73 euros
			Taxa definitiva	133,72 €	
			Liquidación	0,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 265/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que MIUDIÑO 2008, S.L. solicitou en data 07/12/2016 (r.e. 7974) licenza municipal para “**agrupación e segregación posterior**” das fincas situadas no lugar de Cans, s/n – Nebra, coas referencias catastrais 000403500NH03A0001WH, 000403100NH03A0001SH e 15072A00304184000PA, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Ramón Corrochano Royo, de data outubro de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **265/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 14/07/2017 e o informe de Secretaría de data 21/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:



PRIMEIRO.- Conceder a MIUDIÑO 2008, S.L. licenza municipal para “**agrupación e segregación posterior**” das fincas situadas no lugar de Cans, s/n – Nebra, coas referencias catastrais 000403500NH03A0001WH e 000403100NH03A0001SH, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Ramón Corrochano Royo, de data outubro de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- **Obxecto da solicitude:** agrupación das parcelas coas referencias catastrais 000403500NH03A0001WH, 000403100NH03A0001SH e 15072A00304184000PA, que suman unha superficie bruta de 1.542,29 m², segundo proxecto. Trala parcelación obtéñense 4 parcelas: “Parcela 1” cunha superficie neta de 324,48 m²; “Parcela 2” cunha superficie neta de 330,53 m²; “Parcela 3” cunha superficie neta de 443,67 m²; “Parcela 4” cunha superficie neta de 443,61 m².
- **Clasificación urbanística do solo:** a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural tradicional. Grao 1.**
- Condicións urbanísticas das parcelas:

Parcela 1:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	300m ²	Superficie neta: 324,48 m ²
Ocupación máxima	60%	41%
Edificabilidade	0,60 m ² /m ²	0,59 m ² /m ²
Fronte mínima	6,00 m	9,22 m

Parcela 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	300m ²	Superficie neta: 330,53 m ²
Ocupación máxima	60%	22%
Edificabilidade	0,60 m ² /m ²	0,56 m ² /m ²
Fronte mínima	6,00 m	26,45 m

Parcela 3:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	300m ²	Superficie neta: 443,67 m ²
Ocupación máxima	60%	0,00%
Edificabilidade	0,60 m ² /m ²	0,00 m ² /m ²
Fronte mínima	6,00 m	15,78 m

Parcela 4:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	300m ²	Superficie neta: 443,61 m ²
Ocupación máxima	60%	0,00%
Edificabilidade	0,60 m ² /m ²	0,00 m ² /m ²
Fronte mínima	6,00 m	6,00 m

- **Outras condicións:**



- A parcelación axustarase estritamente ao proxecto presentado en data 07/12/2016 redactado polo arquitecto D. Ramón Corrochano Royo.
- Cumprirase estritamente o disposto na autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 04/07/2017.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Cota tributaria (0,12 €x m2)	
Taxa pagada	0,00 €
Taxa definitiva	185,07 €
Pendente de pago	185,07 €

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

1.3) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 5/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D.** e D^a. M** solicitaron en data 12/01/2017 (r.e. 199) licenza municipal para “**construción dunha vivenda unifamiliar illada**” nunha parcela situada no lugar de Iglesia, s/n – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A031001360000PW, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecta D^a. M^a Pilar García Alboreda, de data outubro de 2016.


Vista a documentación que obra no expediente administrativo n^o 5/2017 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 31/05/2017 e o informe de Secretaría de data 21/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D.** e D^a. M** licenza municipal para “**construción dunha vivenda unifamiliar illada**” nunha parcela situada no lugar de Iglesia, s/n – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A031001360000PW, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecta D^a. M^a Pilar García Alboreda, de data outubro de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural tradicional. Grao 3.
- b) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 6,50 metros (altura); 261,50 m2 (edificabilidade); 185,00 m2 (ocupación).



- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
 - No prazo máximo de 3 meses, a contar desde a notificación deste acordo, o promotor deberá presentar no concello o proxecto de execución e a documentación detallada no art. 43.3 do Anexo de tramitación de licenzas da Normativa do PXOM e declaración do técnico responsable de que este se corresponde co proxecto básico que obtivo licenza (art. 20 do Anexo de tramitación de licenzas). Sen o cumprimento desta condición non poderá comezarse a execución das obras.
 - Antes de iniciarse as obras deberá presentar os oficios de nomeamento de director de obra, director de execución e coordinador de seguridade e saúde da obra.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 26/07/2017.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
122.690,00 euros	2,7%	3.312,63 euros	Taxa pagada	626,00 €	3.300,08 euros
			Taxa definitiva	613,45 €	
			Liquidación	-12,55 €	


QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.4) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. EXPEDIENTE 7/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. M** solicitou en data 18/01/2017 (r.e. 305) licenza municipal para “**primeira ocupación**” da vivenda situada no lugar de Leira dos Sins, s/n- Mantoño (Goiáns), na parcela



con referencia catastral 4624806NH0342S0001BL, e de construción autorizada por licenza concedida por decreto da Alcaldía do 04/05/2007 (expte.126/2007).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 7/2017 e, en particular o informe dos servizos técnicos municipais, de data de 28/06/2017, en sentido **favorable**, no que se conclúe: *“En base á visita realizada, a documentación presentada e exemaninado o expediente, considérase que poderá procederse á autorización da primeira ocupación do mencionado inmovible”*.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. M** licenza municipal para “**primeira ocupación**” da vivenda situada no lugar de Leira dos Sins, s/n- Mantoño (Goiáns), na parcela con referencia catastral 4624806NH0342S0001BL, e de construción autorizada por licenza concedida por decreto da Alcaldía do 04/05/2007 (expte.126/2007).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación e expedición de documentos polo outorgamento da licenza de primeira ocupación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible: orzamento	TIPO de GRAVAME	COTA taxa LPO	PENDENTE PAGO
105.903,20 €	0,25%	265,00 €	0,00 €

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

1.5) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

1.5.1.- Expediente nº 95/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. E** o 23/05/2017 (r.e. 3116), de conformidade co indicado no informe dos servizos técnicos de data 12/07/2017, para realizar obras de “**consolidación de muro de peche, reparación da cuberta dun galpón existente, colocación de portal e construción dunha piscina de 24 m2**” na parcela situada no lugar de Aguieira, s/n – Nebra, coa referencia catastral 15072A004021380000PD.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
30.000,00 euros	2%	600,00 euros



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.2.- Expediente nº 144/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. S** o 29/07/2017 (r.e. 4273) para realizar obras de “**aplacado en pedra de muro de peche existente**” na parcela situada en Amoreira, 34 – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001001490000TU.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
390,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.


CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.3.- Expediente nº 149/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. R** o 05/07/2017 (r.e. 4430) para realizar obras de “**substitución do acabado de cuberta**” da vivenda situada en Campo de Prado, 12- Nebra, coa referencia catastral 00705200NH03A0001QH.

Condicións: a terminación da cuberta deberá realizarse en tella cerámica ou do país.



SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.000,00 euros	2%	120,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.4.- Expediente nº 150 /2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. C** o 05/07/2017 (r.e. 4431) para realizar obras de “**substitución do acabado de cuberta**” da vivenda situada no lugar de Orellán, 3 - Baroña, coa referencia catastral 15072A013018970001AD.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
778,36 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.5.- Expediente nº 151/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 05/07/2017 (r.e. 4436) para realizar obras de “**reparación de canalóns**” da vivenda situada situada no lugar de Loreto, 4 – Noal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
900,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.6.- Expediente nº 152/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios do Edificio Coiramar o 10/07/2017 (r.e. 4513) para realizar obras de “**colocación de canalóns**” no edificio situado no Paseo de Coira, 18- Portosín (Goiáns), coa referencia catastral 4239810NH0343N0001YT.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.170,60 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.7.- Expediente nº 153/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. R** o 06/07/2017 (r.e 4447) para realizar obras de “**colocación dunha tubaxe e recubrimento con morteiro para habilitar acceso**” á parcela situada no lugar de Agueira, s/n – Nebra, coa referencia catastral 15072A004013090000PB.

Condicións: as obras executaranse cumprindo estritamente as condicións fixadas na autorización da Axencia de Infraestruturas de Galicia do 27/06/2017.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
750,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.8.- Expediente nº 155/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. P** o 07/07/2017 (r.e 4487) para realizar obras de “**limpeza e encintado do muro de peche**” da parcela situada no lugar de A Silva, s/n – Goiáns, coa referencia catastral 15072A001035920000PF.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.844,24 euros	2%	96,88 euros



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.9.- Expediente nº 158/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** o 11/07/2017 (r.e. 4562) para realizar obras de “**pintado das fachadas**” da vivenda situada no Calexón dos Hórreos, 1 – Porto do Son, coa referencia catastral 9603804MH9390S0001GI

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
350,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.10.- Expediente nº 159/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** o 12/07/2017 (r.e 4570) para realizar obras de “**construción dunha soleira**” na eira da vivenda situada no lugar de Orseño, 1 – Nebra, coa referencia catastral 001303100NH3A0001LH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
---------------------	----------------------	----------------------



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

(Orzamento execución material)		
1.500,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.11.- Expediente nº 160/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. G** o 12/07/2017 (r.e 4602) para realizar obras de “**substitución do acabado de cuberta**” da vivenda situada na R/ Trincherpe, 9 – Porto do Son, coa referencia catastral 9806505MH9390N0001AM.

A obra deberá axustarse estritamente ás condicións impostas na autorización da Axencia de Infraestruturas de Galicia do 27/07/2017.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.800,00 euros	2%	56,00 euros


TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.12.- Expediente nº 161/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 12/07/2017 (r.e. 4579) para realizar obras de “**reparación do tellado**” da vivenda situada no lugar de Carrapatal, 2 - Xuño, coa referencia catastral 7810703MH9271S0001ES.



SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
10.000,00 euros	2%	200,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5.13.- Expediente nº 162/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. A** o 13/07/2017 (r.e. 4617) para realizar obras de “**construción dun muro de peche**” da parcela situada en Seráns, s/n – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A033000050000PF.


Condicións:

- A execución da obra deberá axustarse estritamente ás condicións fixadas na autorización da Deputación da Coruña do 08/05/2017.
- A altura da parte opaca do muro non poderá superar os 1,50 metros.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.487,60 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

